

MINISTERIO DE DEFENSA

REUNION CO DIRECTOR XERAL DO MINISDEF

09/04/2024

PRODUCTIVIDADE

Todas as organizacións pedimos unha nova instrucción de productividade, con matices, pois o resto de sindicatos non están dispostos a ir o xulgado como a CIG, pois quedaron en que estudarían a productividade de persoal laboral e de persoal estatutario, pero a CIG, temos claro que non queren tocar a instrucción de persoal funcionario (o resto de organizacións sindicais teñen intereses encontrados debido ao reparto que se fai pois hai organismos que se levan case a metade dos fondos, creando un agravio co resto de centros de defensa).

MOVILIDADE

A parte social pedimos concursos todos os anos en todas as categorías, a CIG pediu encarecidamente e urxentemente un concurso de arsenais (pola discriminación que levan de fai moitos anos, pois este sindicato explicou que levan máis de 15 anos sen concursos, e que se está a producir unha discriminación pois se ofertan postos en lugares que funcionarias/os non poden optar os postos pois tampoco se poden presentar por acceso libre), nos entendemos que o subdirector de persoal civil o entendeu e creemos que en breve se fará un concurso de arsenais.

RPT.

Pedimos a revisión da RPT, para poder ter unha carreira profesional axeitada, tamen a modificación dos corpos de arsenais entendendo que os mestros de arsenais teñen que estar encadrados no grupo B, e os oficiais de arsenais no grupo C1.

EXTERNALIZACION DE SERVICIOS.

Este sindicato mostrou a súa intranquilidade debido a falta de persoal, e en consecuencia a externalización de servizos, volvemos a advertir ao director xeral da entrada de persoal por cesión ilegal de traballadores, despois de todos os procesos de estabilización.